



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Artigo 1.- Fundamento e natureza

Ó amparo do previsto nos artigos 58 e 20.3, apartado 3), g), j) e k) da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Fachendas Locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello establece a taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública que se rexerán pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo da vía pública, nos termos establecidos no artigo 6 desta Ordenanza, onde se regulan as tarifas a aplicar.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei a favor das cales se outorguen as licencias para disfrutar do aproveitamento especial, ou quen se beneficien do mesmo, sen ter solicitada a licencia.

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboran na realización duna infracción tributaria.
2. Os coparticipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas Entidades.
3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas, responderán subsidiariamente das débedas seguintes:
 - Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
 - Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
 - Nos supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cese.
4. A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e con arranxo ó procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando solicitaren licencia para disfrutar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional
2. Non se aplicarán bonificacións nin reducións para a determinación da débeda.

Artigo 6. Cota tributaria.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas seguintes:

- a) Para as empresas explotadoras do servizo de subministro que afecten a todo o municipio ou a unha parte importante do vecindario (telefonía por fío, enerxía eléctrica, gas, televisión por cable, etc.), a contía da taxa regulada nesta Ordenanza consistirá, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal ditas empresas.

As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles ás empresas explotadoras de servizos de subministros citadas neste punto son compatibles co Imposto sobre Construcións, Obras e Instalacións e con outras taxas que o Concello xa establecera anteriormente ou estableza pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deben ser suxeitos pasivos.

- b) Básculas, aparatos ou máquinas automáticas por m² ó semestre, cun mínimo de 1 m². As fraccións redondearanse ata a unidade de metro cadrado..... 17,724256 €.
- c) Ocupación con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, cada m² ou fracción, por día..... 1,252500 €.
- d) Ocupación do subsolo de terreo de uso público con depósitos para combustible, cada m³ ou fracción, por ano..... 21,269105 €.
- e) Sen contido.
- f) Ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, por m² ou fracción ó mes..... 2,835881 €.
- g) Utilización con columnas, carteis e outras instalacións para exhibición de anuncios, por m² ou fracción ó mes..... 2,126910 €.
- h) Ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, escombros, vaías, puntais, andamios e outras instalacións análogas, por m² ou fracción:
- Vaías, andamios, mercadorías, escombros e materiais de construción, por día..... 0,708970 €.
 - Andamios aéreos, por día..... 0,177243 €.
- i) Depósito de escombros en vertedoiro:
- Depósito de escombros, etc. con camión grande, por unidade: 2,126910 €.
 - Depósito de escombros, etc. con camión pequeno, por unidade: 1,417940 €.

2

2.- Cando para a autorización da utilización privativa se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa determinarase polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

Artigo 7.- Normas de xestión



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1. Poderanse establecer convenios de colaboración con organizacións representativas dos suxeitos pasivos, ou con entidades que deban tributar por multiplicidade de feitos impositivos, co fin de simplificar os procedementos de declaración, liquidación ou recadación.
2. A taxa prevista no punto 1, a) no artigo anterior satisfarase polas empresas prestadoras de servizos de subministros que afecten á xeralidade do vecindario, tanto cando sexan propietarias da rede que materialmente ocupa o subsolo, solo ou voo das vías públicas municipais, como no suposto que utilicen redes que pertencen a un terceiro.
3. A taxa no punto 1, c) do mesmo artigo, cando se trate de mercadillos, liquidarase por trimestres anticipados, a razón de 12 días de ocupación por cada trimestre.

Artigo 8.- Devengo

1. A taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, momento que, a estes efectos, enténdese que coincide co da concesión da licenza se a mesma foi solicitada.
2. Sen perjuizo do previsto no punto anterior, será necesario depositar o importe da taxa cando se presente a solicitude de autorización para disfrutar especialmente o dominio público local en beneficio particular.
3. Cando se produza o uso privativo ou aproveitamento especial sen solicitar licenza, o devengo da taxa ten lugar no momento do inicio de dito aproveitamento.

Artigo 9.- Período impositivo

1. Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial deba durar menos dun ano, o período impositivo coincidirá con aquel determinado na licenza municipal.
2. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial se estenda a varios exercicios, o devengo da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou aproveitamento especial, en que se aplicará o previsto nos apartados seguintes.
3. Cando se inicie a ocupación no primeiro semestre, aboaráse en concepto de taxa correspondente a ese exercicio a cota íntegra. Se o inicio da ocupación ten lugar no segundo semestre do exercicio liquidarase a metade da cota anual.
4. Se se cesa na ocupación durante o primeiro semestre do exercicio procederá a devolución parcial da cota (a metade). Se o cese ten lugar no segundo semestre, non procederá a devolución de cantidade algunha.
5. Cando non se autorizara a utilización privativa ou aproveitamento especial, ou o mesmo non resultara posible por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederá a devolución do importe satisfeito.

Artigo 10.- Réxime de declaración e ingreso

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.
2. Cando se subscriban convenios con representantes dos interesados, as declaracións do inicio do aproveitamento especial ou das variacións dos elementos tributarios así como o ingreso da taxa realizaranse segundo o convindo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3. Nos supostos de concesións de novos aproveitamentos, a obriga de pago nace no momento de solicita-la correspondente licenza. A estes efectos, xunto coa solicitude de autorización para disfrutar do aproveitamento especial, presentárase debidamente cumprimentado o impreso de autoliquidación da taxa. Alternativamente, poden presentarse no Servicio Municipal de Intervención os elementos da declaración ó obxecto de que o funcionario municipal competente preste a asistencia necesaria para determina-la débeda. Neste suposto, expedirase un abonaré ó interesado, ó obxecto de que poida satisfaca-la cota naquel momento, ou no prazo de dez días, nos lugares de pago indicados no propio abonaré.
4. Nos supostos de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o pago da taxa efectuarase no primeiro trimestre de cada ano. Co fin de facilita-lo pago, o Concello remitirá ó domicilio do suxeito pasivo un documento apto para permiti-lo pago en entidade bancaria colaboradora. Non obstante, a non recepción do documento de pago citado non invalida a obriga de satisfaca-la taxa no período determinado polo Concello no seu calendario fiscal.
5. O suxeito pasivo poderá solicita-la domiciliación do pago da taxa. Se é o caso, ordenarase o cargo en conta bancaria durante a última decena do período de pago voluntario.

Artigo 11.- Notificación das taxas

1. A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamentos singulares se realizará ó interesado, no momento en que se presenta a autoliquidación, con carácter previo á prestación do servizo. Non obstante, o previsto no apartado anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultara incorrecta, practicarase liquidación complementaria.
2. Nos supostos de taxas por aproveitamento especiais continuados que teñen carácter periódico, se notificará persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no taboleiro de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.
3. O amparo do previsto na disposición transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta Ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas o requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ó pago do prezo público o que substitúe.

4

Artigo 12.- Infraccións e sancións

As infraccións e sancións en materia tributaria rexiranse polo disposto na Lei Xeral Tributaria, a súa normativa de desenrolo e na Ordenanza Xeral de Xestión, Inspección e Recadación aprobada polo Concello.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 11 de Novembro de 2006, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2007, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.